

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE MARZO DE 2015.

Presidente:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

Concelleiros:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.
D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 9/2015 DE 23 DE FEBREIRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 9/2015, correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 23 de febreiro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE 1ª OCUPACIÓN.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** para **construír unha vivenda unifamiliar sita en Avda. Monte Faro, nº 33, (Fase II – ÚLTIMA)-Lalín** e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en



Secretaría Xeral

concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 300 euros.

3.- LICENZA DE DEMOLICIÓN.

3.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE DEMOLICIÓN dun edificio sito na rúa Monte Faro, nº 27, de Lalín** e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 90,30 euros.

4.- LICENZA DE ACTIVIDADE.

4.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE A GANADERÍA PÉREZ, S.C. para nave de explotación de vacún, sala de muxido e fosa de xurro, na finca sita en Burgo, Sello, Lalín.**

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.


5.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para despacho profesional doméstico (servizo propiedade inmobiliaria e industria) na rúa C, nº 19, baixo B, Lalín.**

6.- INFORME PREVIO.

6.1.- Acordouse **aprobar o informe** do Arquitecto Técnico Municipal, de data 26/02/15 en relación á solicitude de licenza de obra para rehabilitación na Igrexa Parroquial de Santa Baia de Donsión, Lalín e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Ordenación Universitaria de Pontevedra.

7.- INFORME URBANÍSTICO.

7.1.- Acordouse aprobar o informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal de obras públicas, de data 11 de decembro de 2014 sobre información urbanística relativa á titularidade dun camiño sito en Parada, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 20/02/2015 en concepto de taxa por expedición de informe urbanístico por importe de 100 euros.



8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

8.1.- Acordouse iniciar o expediente para a resolución do contrato administrativo denominado “**SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO**” (CSE032014) adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xuño de 2014 a D. JAVIER DE ANDRÉS MOSQUERA, por concorrer no adxudicatario causa de incapacidade sobrevida que fai necesaria a incoación dun expediente de resolución do contrato, e concederlle ao interesado un prazo de 5 días naturais a contar desde o seguinte ao da recepción da notificación para formular as alegacións que estime oportunas.

8.2.- Acordouse adxudicarlle a obra denominada “**MELLORA DE CAMIÑOS EN LALÍN**” PLAN MARCO 2014-2015 (CO012015) á empresa **CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.**, por un importe de 165.160,00 € máis a partida de 34.683,60 € correspondente ao IVE e melloras por importe total de 4431,28 €, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación.

8.3.- Acordouse conceder á empresa **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.**, adxudicataria das obras denominadas “**ABASTECIMIENTO A PUXALLOS E MELLORA DA REDE VIARIA EN MADRIÑAN, SANTISO**” PUSIM/2014 (CO082014), unha prórroga de dúas (2) semanas no prazo de execución da dita obra (ata o día 17 de marzo de 2015), consonte co establecido no informe do Enxeñeiro Técnico Municipal, Director das Obras.

9.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

Quedou pendente para un mellor estudo.

10.- FACTURAS E CONTAS.

10.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **79.334,25 euros.**

11.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.



11.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 1 e final da obra “MELLORA DA REDE VIARIA NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA (VILATUXE E LOSÓN)” presentada pola entidade **FERTAF OBRAS Y SERVICIOS S.L.**, redactada polo Director de obra D. José Varela Calvo, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **50.000,00 €**. Así mesmo aprobouse a acta de recepción.

12.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

12.1.- Acordouse aprobar a nova liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en relación ao expediente de licencia de obra para “Nave destinada a Viveiro de Empresas en Lalín” sita no Polígono Industrial Lalín 2000, cofinanciada ao 80% polo F.E.D.E.R. mediante convenio coa fundación INCYDE, resultando a Cuota Líquida, a pagar 589,59 €.

12.2.- Acordouse desenvolvemento da actividade “Curso de Monitores/as de Actividades de Tempo Libre 2015”, cun máximo de 25 alumnos/as e matrícula por participante de 127,00 € conforme á tarifa establecida na vixente Ordenanza municipal reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais, conforme ó “Proxecto técnico -proposta da actividade Curso de Monitores/as de actividades de tempo libre” que se xunta e así mesmo se aproba, auautorizar e comprometer un gasto por importe de 6.000,00 euros imputable á aplicación orzamentaria 334.226.09 do presuposto municipal vixente e contratar coa Asociación Sociocultural “Aporía”, na súa condición de representante xurídica da Escola de Tempo Libre Aloumiña, a realización do servizo con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos.

12.3.- Acordouse aprobar o Convenio de adhesión á programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios a desenvolver no Salón Teatro de Lalín durante o primeiro semestre de 2015 e autorizar a Dona María Álvarez Paz, en representación do Concello de Lalín, para a sinatura do devandito convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Así mesmo, acordouse autorizar o gasto por importe de 4.398,50 € correspondente á achega municipal no convenio a imputar na aplicación orzamentaria 334.22609 do vixente orzamento municipal.

12.4.- Acordouse aprobar a acta do xurado do **CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2015**, e recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios aos beneficiarios.



12.5.- Acordouse aprobar as bases reguladoras das subvencións para a realización de actividades polas asociacións de mulleres do Concello de Lalín durante o ano 2015 e autorizar o gasto polo importe total de 8.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 231.2.489.00.

12.6.- EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUITA (DOAZÓN) DUN EDIFICIO NA PARROQUIA DE SOUTOLONGO-LALIN.

Acordouse conceder licenza de segregación da parcela de 683 m² (ficha catastral) sita no lugar Vista Alegre, nº 22, Soutolongo, Lalín e aceptar a doazón, cesión voluntaria e gratuítade D. Ramiro Pájaro González ao Concello de Lalín, da parcela segregada, facultar ao Sr. Alcalde ou ao Sr. Concelleiro Delegado do Medio Rural, D. Antonio Rodríguez Rodríguez para a sinatura da correspondente escritura pública de doazón e aceptación e asumir os gastos de otorgamento da escritura e da notaría que correspondan a este expediente.

13.- CORRECCIÓN DE ERROS.

13.1.- Acordouse corrixir erros apreciados no acordo 6.1 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 2 de febreiro de 2015.

13.2.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 18 de febreiro de 2015, punto 8.4..

13.3.- Acordouse anular a lista de beneficiarios da bonificación pola taxa de recollida de lixo aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado día 23 de febreiro de 2015, corrixir os erros de acordo co informe de data 2 de marzo de 2015 emitido polos traballadores sociais do Concello de Lalín, colexiados números 969, 404 e 1906 e aprobar a nova listaxe de beneficiarios co anteriormente indicados.

14.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Quedou pendente para un mellor estudo.

=====

